

ACTA Nº 24/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 14 DE XUÑO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 14 de xuño de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 20/10 do 18 de maio de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que nas resolucións nºs 298/10 e 300/10, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para, na 298/10, ordenar a realización de horas extraordinarias o venres 11.06 a dous policía locais; na 300/100, para o recoñecemento da obriga co obxecto de, posteriormente, ordenar o pagamento dunha axuda de supervivencia e emerxencia social.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de

Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 222/09 – D.^a AIDA SÁNCHEZ ANDRADE presenta proxecto de reparación de cuberta e conservación de vivenda unifamiliar, situada na Baixada do Cocho, núm. 221, do barrio da Guía - Meira, Moaña, redactado polo arquitecto D. Humberto Guimeráns Gallego, visado o día 13.11.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 11 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: REPARACIÓN DE CUBERTA E CONSERVACIÓN DE VIENDA (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo para o presente proxecto recomendando o emprego de varandas con deseño máis sinxelo.

Normas do Habitat. Resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas autorizando a excepcionalidade do cumprimento das Normas do Hábitat.

O conxunto das edificacións da parcela se sitúan fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple reparación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto así como a conservación da vivenda preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	1.013,95 €
Taxas licenza urbanística.....	90,53 €
Cartel de obra	110,00 €

3.B) EXPTE. 47/10 – D. ANTONIO LUIS PÉREZ RIVAS presenta estudo técnico para conservación e mantemento de cuberta en vivenda unifamiliar existente na rúa

Avda. de Marín, nº 79, do barrio de Quintela, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 16.04.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 9 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta informe do Servizo de Infraestruturas do Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva, colocación de planchas de fibrocemento e tella mixta.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	127,40 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.C) EXPTE. 83/10 – D. CESÁREO VERDEAL RIAL presenta estudo técnico para cambio de tella en vivenda unifamiliar, sita no Barrio de Verdeal, 88 – Domaio, redactado por Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P., arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado na data 01.06.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 10 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva, montaxe de tella plana deteriorada, colocación de canalón de PVC e baixantes.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	33,88 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.D) EXPTE. 84/10 – D. DANIEL GARCÍA SANTA CLARA presenta estudo técnico para cambio de tella en vivenda unifamiliar sita no barrio de Berducedo, 76, redactado por Arquitectura e Urbanismo Morrazo, S.L.P., arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado na data 01.06.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 10 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva, montaxe de tella curva deteriorada, colocación de canalón de PVC e baixantes.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	38,09 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.E) EXPTE. 85/10 – D. JOSÉ NÚÑEZ CORDEIRO presenta estudo técnico para saneamento de fachadas do edificio existente na rúa As Barxas, 15, do barrio do Redondo, redactado por Arquitectura e Urbanismo Morrazo, S.L.P., arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado na data 01.06.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 9 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA SANEAMENTO DE FACHADAS (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas no estudo técnico.**

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	51,67 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.F) EXPTE. 77/10 – D. VICENTE GARCÍA COPETE presenta proxecto de acondicionamento interior de p/ baixa para usos complementarios de vivenda unifamiliar sita no barrio de Verdeal nº 22 – Domaio, redactado polos arquitectos técnicos D. Francisco Mallo Lagoa e D. Santiago Gil Fernández, visado na data 21.05.10,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 10 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ACONDICIONAMENTO INTERIOR DE PLANTA BAIXA PARA USOS COMPLEMENTARIOS DE VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

No expediente consta a autorización da Deputación Provincial para acometer obras para a reforma interior de planta baixa de vivenda sen aumento de volumen, debendo someterse as condicións estipuladas; a obra non está considerada como de consolidación.

Por intersección da alineación na parcela a posición da edificación sitúase de acordo coas determinacións do apartado 3 do epígrafe 2.3.5.3 das NN. SS de planeamento municipal en situación xenérica de fóra de ordenación e por aplicación do Artigo 103.1.2 da LOUGA en consonancia co Artigo 9 da mesma Lei, permítese as obras de conservación e as rehabilitadoras garantíndose o seu uso actual de complementarias de vivenda unifamilia como uso preexistente.

Funcionalmente a división da planta asemella a de unha vivenda.

O expediente consta do estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construcción.....	457,58 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.G) EXPTE. 61/07 – D. ANTONIO COMESAÑA GIL E D.^a ADEGA BERMÚDEZ PENA presentan proxecto básico e execución de adición de soto en vivenda unifamiliar en construcion, concedida pola Xunta de Goberno Local na data do 21.07.2008, no lugar da Granxa, do barrio deVilela, 8 – Tirán, redactado polo arquitecto D. Erneste Cid Sueiro, visado o 05.11.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 9 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ADICIÓN DE SÓTANO EN VIVENDA UNIFAMILIAR.

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

Non procede acta de replanteo para a sinalización de alineacións, cesións e fixación de fianza por estar cumprimentadas as obrigas da propiedade na tramitación segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de xullo de 2008.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construcción.....	343,80 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €

4.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

4.A) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D.^a ITZIAR SOTO SOTELO e D. JONATHAN VILLAR SOAGE no que solicitan Licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada en Abelendo – San Martiño, pertencente á licenza de obra nº de expte.05/2007 (concedida pola XGL en sesión de data 09.04.2007).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 14 de xuño de 2010 que di:

INFORME TÉCNICO SOBRE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA O EXPEDIENTE DE OBRA 05/07.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

A revisión e adaptación das Normas subsidiarias de planeamento municipal de Moaña, na que se sustenta para emitir a seguinte información, foron aprobadas definitivamente polo Concello en sesión plenaria do cinco de febreiro de 1996, publicándose no BOP número 103, do vinte e nove de maio de 1996.

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Recibo da taxa de liquidación pola Licenza de primeira ocupación.
- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico Dña. Sofía Rúa Piñeiro, o día 06 de abril de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 13 de abril de 2010; asinado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia o día 6 de abril de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 20 de abril de 2010.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.
- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.
- Copia do acordo de concesión de licenza de obra para o expediente núm. 05/07.

INFORME: Unha vez que se comprobou a documentación requirida e feita unha inspección ao lugar de emprazamento **procede informar favorablemente** a solicitude de Licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 05/2007, aos seus promotores D.^a ITZIAR SOTO SOTELLO E D. JONATHAN VILLAR SOAGE, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

4.B) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D.JOSÉ LUIS ÁLVAREZ SOUTO no que solicita Licenza de primeira ocupación para rehabilitación de oficina para cambio a uso de vivenda na rúa Batalla do Callao, nº 5, pertencente á licenza de obra nº de expte. 100/2008 (concedida pola XGL en sesión de data 28.04.2008).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 14 de xuño de 2010 que di:

INFORME TÉCNICO SOBRE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA O EXPEDIENTE DE OBRA 100/08

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

A revisión e adaptación das Normas subsidiarias de planeamento municipal de Moaña, na que se sustenta para emitir a seguinte información, foron aprobadas definitivamente polo Concello en sesión plenaria do cinco de febreiro de 1996, publicándose no BOP número 103, do vinte e nove de maio de 1996.

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Recibo da taxa de liquidación pola Licenza de primeira ocupación.
- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polos arquitectos técnicos D. José Buceta Amoedo e D. José Ponce Yáñez, o día 12 de maio de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 19 de maio de 2010; asinado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez o día 12 de maio de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 25 de maio de 2010.
- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.
- Copia do acordo de concesión de licenza de obra para o expediente núm. 68/08.

INFORME: Unha vez que se comprobou a documentación requirida e feita unha inspección ao lugar de emprazamento **procede informar favorablemente** a solicitude de Licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 95,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para rehabilitación de oficina para cambio de uso de vivenda dimanante da licenza en Expte. nº 100/2008, ao seu promotor D. JOSÉ LUIS ÁLVAREZ SOUTO, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DE PONTEVEDRA, no que solicita condicionado, de ser o caso, para a tramitación da instalación eléctrica LMTS, CT, RBT PIOLLEIRA, solicitado por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., nº expte.: IN407A 2010/121-4, para o que achega separata do proxecto.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 9 de xuño de 2010, que literalmente di:

PETICIONARIO: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A.

ASUNTO: LMT,CT,RBT PIOLLEIRA-QUINTELA.

INFORME:

Este Concello non opón condicionado algún á solicitude R.S. 75059 de 28/05/2010 da Delegación Territorial de Pontevedra, Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria, relativo a instalación promovida por Unión Fenosa, Distribución, S.A., Nº de expediente IN407A 2010/121-4.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Xefatura territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra.**

6.- PROPOSTAS DE GASTOS

6.A) Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 e outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla de seguido,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
SEGURIDADE	Produtos farmacéuticos para Protección civil	MARÍN VIDAL, CAYETANO	1340-22199 RC 906	409,34€
SEGURIDADE	Arranxo vehículo policía local matrícula 4705FST	IBERCAR TURBOTRACCIÓN	1320-21400 RC 921	1.627,46 €
MEDIO AMBIENTE	Plataforma de madeira para duchas e panel informativo	NOCONTORNO, S.L.	1720-22199 RC 964	636,41 €
MEDIO AMBIENTE	Materiais salvamento de praias	SUMINISTROS NAVALES EL CON	1340-22199 RC 993	185,83 €
MEDIO AMBIENTE	Retirada vertidos incontrolados na PO313 e en Domaio	GSC, S.A.	1620-22700 RC 932	463,23 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado polas retencións de crédito que para eses gastos se efectuaron nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

6.B) PROPOSTA DE GASTO DERIVADO DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A CLUBE DE XUBILADOS DE MEIRA.

Vista a proposta da Alcaldía de data 14 de xuño de 2010 que di:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a Clube de xubilados de Meira.

Conforme coa cláusula cuarta do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, de subministro de auga, recollida do lixo.

O arrendador do local presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica, as seguintes facturas os seguintes recibos:

GAS NATURAL, S.U.R. 01100512564491 (220410 a 200510) 214,67 euros.

Na súa consecuencia propono:

Recoñecemento da obriga a favor de HERMANOS PIDRE COBAS, C.B., por importe de 214,67 euros, en concepto de gasto de consumo de enerxía eléctrica, con cargo á partida orzamentaria 2310 20200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **recoñecer a obriga por importe de 214,67 euros en concepto de enerxía eléctrica do Clube de xubilados de Meira**, a favor de HERMANOS PIDRE COBAS, C.B., con cargo á partida orzamentaria 2310 20200, RC 968.

6.C) PROPOSTA DE GASTO DERIVADO DO ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A CENTRO CULTURAL O REAL

Vista a proposta da Alcaldía de data 14 de xuño de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado centro cultural O Real.

Conforme coa cláusula terceira do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, de subministro de auga, recollida do lixo, etc.

O arrendador do local, presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica os seguintes facturas: GAS NATURAL, S.U.R. 01100512842846 (220410 a 210510) 21,67 euros.

Na súa consecuencia propono:

Recoñecemento da obriga a favor de **SANTOME GESTIDO, Manuel**, por importe de 21,27 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica, con cargo á partida orzamentaria 3340 20200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 21,27 euros a favor de **SANTOME GESTIDO MANUEL**, en concepto de consumo de enerxía eléctrica, con cargo a partida 3340 20200.

7.- RELACIÓN DE FACTURAS

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 7 de xuño de 2010 que textualmente di:

Vista a relación de facturas número 188, presentada polas entidades sinaladas, xustificativa do gasto que ascende á cantidade acumulada de 48.078,25 €

Visto que todas as facturas están conformadas polos responsables de cada un dos servizos,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010,

Tendo en conta o cumprimento do disposto no artigo 59 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e nas bases de execución do Concello de Moaña, para o ano 2010, sobre a acreditación da prestación,

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 185,2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do Concello de Moaña para o ano 2010 nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga,

O Concelleiro de Facenda, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas indicada, por importe acumulado de 48.078,25 euros, presentada polas seguintes entidades:

ANEXO I			
Factura	Provedor	Partida	Importe
10004	URBASER, S.A.	1630 22700	17.933,32
21/2010	RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	3340 22601	218,08
835	SANTOME GONZALEZ, Juan Pablo	1340 21400	616,00
10/2010	SOCIEDAD CULTURAL NA VIRADA	3320 62500	300,00
67/10	DIFUX, S.L.	4320 22602	348,00
7777	SEGAPREL, S.L.	9200 22701	1.370,25
8851	SEGAPREL, S.L.	9200 22701	1.068,75
E/33	EMPRESA MONFORTE, S.A.	1320 20400	948,00
Total anexo I			22.802,40

ANEXO II			
Factura	Provedor	Partida	Importe
7744	JUCONS GALAICA, S.L.U.	1550 20300	1.531,20
23/E	A ILLA DOS NENOS, S.L.	3320 22609	160,00
52/10	SANTA CECILIA ESCUDERO , Ana	9200 22624	946,30
10/285	EXTINTORES MARINEX, S.L.	9200 21300	37,65
20074	SENAVE, S.L.	1550 22199	63,17
100331	DUXON SYSTEM, S.L.	1550 22199	1.874,66
14/10	RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	3410 22601	118,32
0062	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	2310 22000	259,84

0082	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	2310 22000	55,68
18/10	RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	9120 22601	4,64
17/10	RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	3410 22601	6,96
16/10	RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	3340 22601	23,20
19/10	RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	3340 22601	23,20
7259	RODEIRA MOTOR, S.L.	1320 21400	472,50
15	ASOCIACION CULTURAL CUCARANDAINAS	3320 22609	110,00
9021	CURT MARTINEZ, Federico	1710 22109	603,48
226	ROMERO SOLIÑO, S.L.	VARIAS	510,71
18400	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3210 21301	104,40
14318	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3210 21301	104,40
55/2010	SANTA CECILIA ESCUDERO , Ana	9200 22624	895,83
0086/10	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 22002	75,40
085/10	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 22002	208,00
0084/10	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 21600	351,87
555545	WURTH ESPAÑA, S.A.	1550 22199	449,38
1001013	ALMACENES CANDUCHO, S.L.	VARIAS	511,86
287	ROMERO SOLIÑO, S.L.	1550 22199	331,35
7328	RODEIRA MOTOR, S.L.	1550 21400	196,68
1467	XORNAL DE GALICIA, S.A.	9120 22602	812,00
003	RUA GARCIA, Jorge	1550 21000	185,60
224	RIVAS MARTINEZ, Fernando	1550 21400	436,27
3055	KOPIAK MOAÑA, S.L.	1510 22000	55,42
3053	KOPIAK MOAÑA, S.L.	1320 22000	1,30
3052	KOPIAK MOAÑA, S.L.	9200 22000	6,06
9039	CURT MARTINEZ, Federico	1710 22109	90,95
2100288	ESYCSA	1320 21300	83,33
716	SANCHILAN, S.L.	1320 22700	6,00
5718	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	9200 22103	69,99
5062	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	1340 22103	318,61
4854	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	1550 22103	32,16
4853	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	1320 22103	544,02
4850	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	1550 22103	2.371,18
4851	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	9200 22103	72,02
4852	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	1340 22103	251,88
5720	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	1320 22103	500,56
5717	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	1550 22103	2.565,67
5719	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	1340 22103	182,24
A 50	CHAPELA FERVENZA, José	1550 21400	550,11
A 56	CHAPELA FERVENZA, José	1550 21400	997,00
Total anexo			20.163,05

II

--

ANEXO III			
Factura	Provedor	Partida	Importe
383333	TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A.	VARIAS	67,28
324341	TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A.	VARIAS	1.662,68
002870	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	VARIAS	3.382,84
		Total anexo III	5.112,80

TOTAL	
RELACION	48.078,25
....	

Segundo.- Recoñecer as obrigas por importe acumulado de 48.078,25 euros a favor das entidades sinaladas e con cargo ás partidas indicadas, de acordo co orzamento prorrogado do Concello de Moaña.

Terceiro.- Aprobar a bonificación correspondente a factura de Telefónica Móviles de España, S.A., por un importe de 534, 00 euros.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención do Concello de Moaña, aos efectos oportunos.

Visto o informe do interventor do 8 de xuño de 2010 no que emite reparo ao recoñecemento das obrigas facturadas por Segaprel,S.L., Gasóleos del Morrazo Sanchilán SL Telefónica de España e Telefónica Móviles de España, S.A.,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: levantar o reparo emitido no informe do interventor municipal por entender que os gastos foron efectivamente realizados e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

Segundo: Aprobar a proposta nos seus xustos termos.

8.- GASTOS A XUSTIFICAR: VACACIÓNS EN PAZ 2010

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 22.03.10 autorizouse e dispúxose o gasto por un importe de 5.040 € pola programación de Vacacións en Paz, e tramitouse o pagamento dos agasallos para a recepción dos/as nenos/as saharauis no Concello mediante un pagamento a xustificar por importe de 600 € librados a nome da animadora sociocultural, D.^a María Elena García Lorenzo, con cargo á partida 2310-22620 RC 343.

Vista a conta xustificativa achegada pola habilitada de data 21 de maio de 2010,

Visto o informe favorable do interventor do 11 de xuño de 2010.

Tendo en conta o regulado sobre os pagos a xustificar no artigo 190 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 69 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, de orzamentos das entidades locais, e nas bases de execución do orzamento do Concello de Moaña para o ano 2009, nesta data prorrogada o ano 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a conta xustificativa do pagamento a xustificar expedido a D^a MARÍA ELENA GARCÍA LORENZO por importe de 600,00 euros, en concepto de pagamento dos agasallos para a recepción dos/as nenos/as saharauis no Concello, con cargo a partida 2310-22620 RC 343.

9.- SOLICITUDES DE GRATIFICACIÓN EXTRAORDINARIAS POLICÍA LOCAL

O inspector - xefe da Policía Local do Concello de Moaña achega informes sobre a realización de horas extras realizadas por policías locais nas datas recollidas na taboa que se achega, das que se solicitan o seu pagamento, polos servizos que se detallan:

POLICÍA	DATA	SERVIZO REALIZADO	DATA INFORME	AUTORIZ.	Diurna		Nocturnas		Festivas		IMPORT E
PEREZ SANTIAGO, JOSÉ MANUEL	14/04/10	Auxilio accidente	15.04.10				1	16,66			16,66 €
ACEVEDO SANTOMÉ, JAVIER	14/04/10	Auxilio accidente	15.04.10				1	16,66			16,66 €
GÓMEZ SILVA, MANUEL	03/05/10	Detención por alcolemia	03.05.10						1	19,99	19,99 €
GARCÍA RODAS, JESÚS	02/05/10	Detención por alcolemia.	02.05.10						1	19,99	19,99 €

Visto o informe do interventor de data 7 de xuño de 2010 sobre o recoñecemento e pagamento destas gratificacións, no que conclúe que

Os expedientes de autorización e posterior abono das horas extraordinarias deben tramitarse conforme ao indicado na base 56 das de execución do orzamento para o ano 2009, por ser esta a única norma en vigor na que se establece o procedemento, debendo, a xuízo desta Interención, arbitrarse un novo procedemento a aplicar cando acontezan razóns de urxencia.

Neste caso, as tarefas extraordinarias realizadas por motivos de urxencia non respectaron o procedemento establecido na base 56 de execución do orzamento, aínda que este procedemento parece inaplicable cando concorren circunstancias como as que se expoñen e fóra da xornada laboral. En todo caso polo incumprimento da única norma positiva existente nesta data e que regula a

tramitación que debe seguirse para a realización de traballos fóra da xornada debe emitirse reparo a proposta de recoñecemento e abono de gratificacións extraordinarias, instándose unha vez máis a necesidade de incorporación ás normas do Concello de Moaña dun procedemento que regule a tramitación en casos de urxencia.

De ser o caso, antes de que se produza o pago dos servizos extraordinarios deberá acreditarse fehacientemente que o traballor vén realizando a xornada legal de 37,5 horas no seu cómputo anual, de forma que no caso de que non se achegue a documentación acreditativa do cumprimento desta condición antes do pago das mesmas, o acto administrativo de pago material verase afectado pola formulación dun novo reparo, formulado en cumprimento do disposto no artigo 215 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora as facendas locais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar as solicitudes de pagamento de servizos extraordinarios polos motivos recollidos no informe do interventor municipal.

10.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “CONSERVACIÓN E REFORMA CENTRO CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO”

Examinado o expediente para a contratación por PROCEDIMIENTO ABERTO, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 9 de xuño de 2010 da obra: “Conservación e reforma Centro Cultural Rosalía de Castro” proxecto redactado polo Arquitecto redactado polo Arquitecto D. Rodrigo Currás Torres, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 8 de marzo de 2010, e que conta cun importe de execución por contrata de CINCOCENTOS TRINTA E DOUS MIL EUROS (532.000,00 euros). (458.620,69 euros + 73.379,31 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación da obra por procedemento aberto e varios criterios de adxudicación, e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto o informe da Secretaría de data 11 de xuño de 2010.

Visto o informe da Intervención municipal de data 14 de xuño de 2010, onde se deixan constancia de discrepancias en canto a aprobación dos proxectos de obra, ausencia dalgunha da documentación que debe obrar no expediente, e onde se recomenda a rectificación de algún dos apartados dos pregos de cláusulas administrativas particulares.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 14 de xuño de 2010, acordando incorporar ao expediente a documentación requirida polos informes sinalados: Declaración da necesidade e idoneidade do contrato, informe sobre a legalidade a viabilidade do proxecto. A Xunta de Goberno entende que a

clasificación que procede é a prevista nos pregos, por estar xustificada polos Servizo Técnicos no expediente previo de licitación desta obra. Asemesmo entende que o IVE vixente ao momento de autorización do gasto é o vixente do 16%. Finalmente, acorda introducir a rectificación dos pregos respecto do crédito po tratarse de un gasto prurianual, ratificando a declaración de urxencia adoptado na Providencia da Alcaldía de inicio de expediente.

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto, tramitación urxente para a adxudicación da obra “Conservación e reforma Centro Cultural Rosalía de Castro” redactado polo Arquitecto D. Rodrigo Currás Torres, e que conta cun importe de execución por contrata de CINCOCENTOS TRINTA E DOUS MIL EUROS (532.000,00 euros). (458.620,69 euros + 73.379,31 euros de IVE).

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Clásulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación de obras, mediante procedemento aberto.

CUARTO.- Publica-lo anuncio de licitación, tal como se establece no citado prego, no B.O.P e no perfil do contratante, deixando constancia de todo elo no expediente.

QUINTO.- Autoriza-lo gasto por importe de 532.000,00 euros con cargo á partida 3340.62201 con cargo ao orzamento municipal do ano 2010.

SEXTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

11.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE CIRCUITOS DEPORTIVOS BIOSAUDABLES NAS ÁREAS NATURAIS DO CONCELLO DE MOAÑA”.

En data 18 de maio de 2010, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Construcción de circuitos deportivos biosaudables nas áreas naturais do concello de Moaña” á HPC IBÉRICA S.A. por importe de CEN MIL EUROS (100.000 euros). (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE), un prazo de execución de 45 días e adscripción de traballadores á execución do contrato: 3 traballadores, un deles de nova contratación. Asemesmo se lle requiriu para no prazo de dez días seguintes á notificación, presentase documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 4.310,35 euros e no prazo de 10 días seguintes á notificación da adxudicación aportase a documentación requirida no apartado 16 dos pregos de non telos presentado con anterioridade.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 25 de maio de 2010.

En data de 1 de xuño de 2010, o adxudicatario provisorio deposita no Concello aval bancario por importe de 4.310,35 euros.

Asemesmo presenta certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e ca Facenda Autonómica e contratos do persoal de nova contratación (Na presentación previa de documentación aportou certificado de clasificación da Xunta de Galicia acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias, Seguridade Social e IAE.)

De conformidade co previsto no artigo 17 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adjudicar definitivamente o contrato de obra “Construción de circuitos deportivos biosaudables nas áreas naturais do concello de Moaña” á empresa HPC IBÉRICA S.A. por importe de CEN MIL EUROS (100.000 euros) (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE), un prazo de execución de 45 días e adscripción de traballadores á execución do contrato: 3 traballadores, un deles de nova contratación.

SEGUNDO.- Requirir do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adjudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao Arquitecto técnico Municipal, D. Xosé Manuel Carballo Moldes.

CUARTO.- Nomear ao Concelleiro de Urbanismo, D. Víctor Pastoriza Lino, responsable do contrato.

12.- VARIANTE DE TRAZADO DO ABASTECIMENTO AO MORRAZO

Trala solicitude da empresa EXCOVER, S.L. – BARDERA OBRAS CIVILES Y MARÍTIMAS, S.L. UTE MORRAZO, a Xunta de Goberno Local, por acordo do 10 de maio de 2010, aprobou a planificación dos traballos de obra *Ampliación do abastecemento ao Morrazo desde Vigo* presentada pola empresa e autorizou o seu inicio. Na solicitude, o xefe de obra de UTE MORRAZO indicaba que a planificación sería susceptible de modificarse durante o transcurso das obras e que sería comunicada ao Concello.

Por escrito do 4 de xuño de 2010, a empresa comunica o comezo das obras no acceso ao depósito da Ameixoada, e achega planos da proposta de variante sobre o trazado de proxecto que evita que a tubería discorra pola estrada autonómica PO-551 –cos problemas de tráfico e seguridade que conleva- xa que só sería preciso cruzala á altura do Camiño Vello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda modificar o acordo do 10 de maio de 2010, no sentido de recoller a variante do trazado proposto pola empresa.

13.- DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE CIRCULACIÓN.

Dáse conta que na Xunta de Goberno Local do 29 de marzo de 2010 se aprobou inicialmente a modificación do cadro de infraccións da Ordenanza municipal de circulación. Trala publicación do anuncio no BOP nº 77, do 26 de abril, o expediente someteuse a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, sen que nese prazo se formulase reclamación ningunha, polo que segundo o disposto no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, se entende definitivamente adoptado o acordo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, dáse por enterada e acorda que se proceda a publicar no BOP o texto íntegro do cadro de infraccións e sancións trala modificación para que, transcorrido o prazo de 15 días a partir do seguinte ao da súa publicación, entre en vigor.

14.- POSTOS MERCADILLO VENDA AMBULANTE

Vistos os informes favorables do encargado do mercadillo de data 14 de xuño de 2010, ás solicitudes de concesións de postos do mercadillo que presentaron a documentación requirida polo Concello para poder exercer a venda ambulante:

Nome e apelidos	NIF – NIE		Superficie
Elmahjoub Dareme	Nie X4810936 A	sábados	6 metros
Isabel Gil Vilar	44.079.827 M	mércores	12 metros
Mbaye Diop	X33054592	sábados	4 metros
M ^a Rosa Varela González	52.496.298 V	sábados	8 metros
Laura Domínguez Gil	35.540.767 V	mércores e sábados	

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as solicitudes de concesións reflectidas na táboa.

15.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

A vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relación a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
ABRAHAM GARCIA BARBEITO	Saneamento, uso doméstico	Latón, 297 - Meira.	D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
CARMEN FERVENZA IGLESIAS	Saneamento, uso doméstico	Praia, 17 Meira.	cando obra Berarrúas e rede de saneamento desde o Puntillón a Porta do Sol.	Aparellador mun. Aqualia
CELSO SANTOMÉ GRAÑA	Saneamento, uso doméstico	Paradela, s/n.	D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
EUGENIO GAYO CARBALLO	Auga para obra	Paradela, 69	D. conexión..... 60 € Fianza..... 150 €	Aqualia
LUIS GASPAS GONZÁLEZ	Auga uso doméstico	Ramón Cabanillas, 170	D. conexión..... 60 € Fianza..... 20 €	Aqualia Aparellador
SONIA CEA PEREIRA	Auga uso doméstico	Berducedo, 62 , chalet da Costeira	D. conexión..... 60 € Fianza..... 20 €	Aqualia Aparellador
M ^a LUZ MIRAGAYA YÁÑEZ	Auga, uso doméstico	Casal, 2	D. conexión..... 60 € Fianza..... 20 €	Aqualia Aparellador

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:20 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.